

O SENTIDO DA VISTA


1. Completa as frases coas palabras do recadro.

pálpebras iris pestanas células pupila
glándulas lacrimais nervio óptico

- As _____, as _____, as _____ e as _____ son mecanismos de protección para os ollos.
- A luz entra no ollo a través da _____.
- O _____ é un anel que lle dá cor aos ollos.
- O _____ transporta a información dende a retina ata o cerebro.

2. Coloca as partes do ollo no seu lugar correspondente.

Iris Pálpebra Pupila Cella Pestanas Glándulas lacrimais





3. Responde a estas preguntas.

- Que órgano usa o sentido da vista? _____
- Onde se interpreta a información das imaxes? _____
- Cal é a función dos ollos? _____

4. Busca a opción correcta no lugar correspondente. Arrastra os números aos recadros que están nas diferentes imaxes.

HÁBITOS SAUDABLES DA VISTA

1. Acudir ao oftalmólogo ante calquera problema de visión ou para facer revisións.
2. Ler coa luz precisa.
3. Non usar lentes doutras persoas.
4. Non mirar as pantallas durante moito tempo.
5. Protexerse con lentes de sol.
6. Hixiene ocular



1 2 3 4 5 6



5. Indica si as afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- A pupila é a abertura pola que entra a luz ao interior.
- As pálpebras manteñen os ollos húmidos.
- O globo ocular contén o iris, a retina e a pupila.
- A retina recibe a información e envíaa ao cerebro polo nervio óptico.
- A glándula lacrimal distribúe as bágoas e evita que o exceso de luz dane o globo ocular.
- A cella evita que a suor entre nos ollos.